



## NORMAS KERAIS



### 1. CATEGORÍAS FEDERADAS PARA A TEMPADA 2009/2010

FEDERADAS: RFEA/FGA	
<b>Senior</b>	Nados en 1987 ata veteráns
<b>Promesa</b>	Nados/as en 1988, 1989 e 1990
<b>Júnior</b>	Nados/as en 1991 e 1992
<b>Xuvenil</b>	Nados/as en 1993 e 1994
<b>Cadete</b>	Nados/as en 1995 e 1996
<b>Infantil</b>	Nados/as en 1997 e 1998
<b>Alevín</b>	Nados/as en 1999 e 2000
<b>Benxamín</b>	Nados/as en 2001 e 2002
<b>Veteráns</b>	⇒ <b>Homes:</b> Dende que cumplan 35 anos. ⇒ <b>Mulleres:</b> Dende que cumplan 35 anos.

DEPORTE ESCOLAR	
<b>Cadete</b>	1995 e 1996
<b>Infantil</b>	1997 e 1998
<b>Alevín</b>	1999 e 2000
<b>Benxamín</b>	2001 e 2002

### 2. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Para poder participar en calquera competición oficial de atletismo será condición indispensable estar en posesión da **licenza federativa** regulamentaria correspondente e sempre que non exista, sobre o titular da mesma, sanción dalguna clase na data tope fixada para a inscrición.
2. Asemade compre, nas competicións que o esixa o seu regulamento, ter realizado as **marcas mínimas** establecidas segundo as probas e categorías. Non serán admitidas aquelas marcas conqueredas cun vento descoñecido ou superior ó regulamentario. Permítese a participación de atletas nas seguintes situacións:
  - Ata 8 atletas, sen marca mínima en Pista Cuberta, sempre e cando a inscrición sexa inferior a ese número. E dicir, se acreditan marca mínima 5 atletas nunha determinada disciplina, autorizarase a participación de 3 atletas máis. Nos campionatos de Aire Libre este cupo será de ata 12 atletas. Terán prioridade os atletas da categoría do campionato, pero, no caso de non chegar ós cupos establecidos, autorizarase a participación de atletas doutras categorías, sempre e cando exista coincidencia legal coas súas probas. En calquera situación, a participación de atletas doutras categorías, en ningún caso suporá un perxuício, por exemplo, no pase á millora dos concursos ou finais por rúas ós atletas da categoría respectiva do campionato.
3. Tódolos participantes en calquera competición oficial deberán intervir coa **camisola do seu Club ou Federación**, segundo o tipo de competición ou campionato, agás os clubs filiáis que poderán empregala súa propia equipación independentemente de poder facelo coa equipación do club do cal son filiais
4. En aquelas competicións que se disputen en pistas de material sintético, quedan obrigados os atletas que compitan con zapatillas de clavos, a que os mesmos non sobrepasen os **9 mm.** de lonxitude, agás o salto de altura e lanzamento de xavelina



## NORMAS KERAIS



en que cada clavo que sobresaia non pode exceder de 12 mm. Estos clavos terán un diámetro máximo de 4 mm.

- Os competidores deberán emprega-lo dorsal na forma que indica o Regulamento da IAAF así como dos números adicionais nas costas nas probas cronometradas automaticamente. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.
- O xuíz Arbitro poderá impedila participación ou descalificar a aqueles atletas indebidamente equipados, ou ós que considere que non visten co preciso decoro, ou incumplan a normativa da IAAF sobre publicidade.
- Os atletas previamente inscritos no prazo legal nunha competición deberán **confirmarla súa participación** ca antelación mínima que se indica no presente cadro, sin ter en conta o posible retraso que poidera existir no seu desenvolvemento:

TIPO DE COMPETICIÓN	CONFIRMACIÓN	TEMPO MÍNIMO
Probas individuais de pista	O propio Atleta	45 minutos
Campionatos de clubs en pista	O Delegado oficial	45 minutos
Probas de relevos	O Delegado oficial	30 minutos
Fondo / marcha	O propio atleta	30 minutos (*)
Competicións de cross	O Delegado oficial	30 minutos (*)

(\*) *Do inicio da primeira carreira ou concurso da competición*

**Unha vez pechado o prazo de confirmación non se admitirá a participación do atleta.**

- Nas competicións que dispoñan de cámara de chamadas será obriga a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.
- En calquer momento o Xuíz Arbitro da competición, ou calquer outro organizador cualificado para elo poderá solicitala licenza deportiva ós participantes.
- O longo do transcurso dun campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben tendo confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.
- Os atletas non galegos que non teñan ficha dilixenciada pola F.G.A. poderán participar nos campionatos Galegos cuio regulamento o permite pero non poderán proclamarse campións de Galicia ni terán acceso a medalla oficial si se clasificaran en postos que deran dereito a elo. Para ser campión galego, compre cumprilas condicións aprobadas pola Asamblea Xeral da FGA (1.998). Os atletas fichados por un club galego, aínda que non teñan ficha dilixenciada pola FGA, poderán participar nos campionato s de Galicia, acceder ás finais de carreiras ou á fase de millora nos



## NORMAS KERAIS



- concursos, aínda que NON poderán optalas medallas, nin proclamarse campións de Galicia.
12. O número máximo de atletas extranxeiros que cada club pode alinear en cada un dos campionatos galegos de clubs ou fase autonómica verá estipulado pola normativa RFEA vixente ao respecto:
  13. O número máximo de atletas que cada Club pode alinear en cada campionato e proba virá especificado en cada un dos regulamentos específicos.
  14. Nas competicións de pista ó aire libre ou pista cuberta que esixa clasificación por clubs, os empates a puntos resolveráse a favor do club que obtivera maior número de primeiros postos. De persistilo empate terase en conta o número de segundos postos e así sucesivamente.
  15. Durante a celebración de calquer competición oficial poderán permanecer en pista tan só os membros do Xurado, os atletas que estén participando nalgunha proba e aqueles persoas autorizadas polo Xuíz Arbitro.
  16. Si nalgunha das probas nas que esté previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar un número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas disputándose a seguinte Fase á hora prevista.
  17. En tódalas carreiras, a confección de series realizaráse en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación a tempada anterior. Antes da saída, comunicaráse os/as participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbese.
  18. O número máximo de probas nas que poderá tomar parte un atleta vira especificado no seu regulamento. A F.G.A. poderá conceder permiso para sobrepasar este límite a aqueles/as especialistas en Probas Combinadas que xustificuen a súa petición.
  19. O Comité Técnico da F.G.A. reservarase o dereito de admitir a participación de aqueles atletas que considere de interese a súa intervención e non teñan obtido a marca mínima requirida en calquer campionato. Asemade poderá autorizarse a participación sen marcas mínimas en aquelas probas nas que exista unha inscrición inferior a oito atletas. Nestes casos o atleta autorizado terá lexitimidade para acceder ás medallas e xerar puntos para o seu Club, si existise clasificación por equipos.
  20. Asemade, o Comisión Técnica reservarase a posibilidade, previa petición do interesado, de admitir a participación de atletas non galegos de recoñecido nivel nos diferentes campionatos de Galicia, a pesares de que non pertencen a ningún Club galego, nin a Federación Galega de Atletismo. Nestes casos non poderán acceder as finais en carreiras de rúas nin as fases de millora nos concursos, agás que a inscrición inicial sexa de 8 atletas ou menos.



## NORMAS XERAIS



### 3. NORMAS DE INSCRIPCIONS

1. Os Clubes deberán tramitar na Federación Galega de Atletismo as inscricións dos seus atletas en aquelas competicións autonómicas onde foran a intervir. **Non se admitirán as inscricións por teléfono.** Para tramitala inscrición haberá un enlace na páxina da FGA para cada campionato.: [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)
2. O límite establecido para a recepción de inscricións na Federación Galega será o que se estableza en cada normativa particular do campionato.

**Unha vez pechado o prazo de inscrición no se admitirá a participación de ningún atleta, agás erro ou omisión administrativo detectado.**

3. O incumprimento de calquera das Normas de Inscricións levará implícita a non admisión das mesmas para a competición da que se trate.

A responsabilidade das inscricións dos atletas, agás os que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Non participar nos campionatos Galegos ou competicións autonómicas organizadas pola FGA, téndose inscrito previamente (3 euros por atleta inscrito), agás causa xustificada e comunicada por escrito con antelación mínima de 24 horas. En caso de lesións deberá acreditarse o xustificativo facultativo.
- Non acreditar veracidade nas inscricións enviadas a FGA (6 euros por atleta con datos falseados).
- Non realizalas inscricións no prazo estipulado. Neste suposto poderase admitir a participación do atleta o mesmo día, sempre e cando non supoña unha alteración do ritmo da competición, unha vez que se teña abonado 3 euros por atleta.

### 4. NORMAS DE COMPETICIÓN

Para que unha competición sexa recoñecida como **oficial** pola Federación Galega de Atletismo e os seus resultados sexan homologados, compre:

1. Que figure en el Calendario de la FGA da presente tempada.
2. Que se sexa recibido, cunha antelación mínima de 10 días a súa celebración, na sé da Federación Galega de Atletismo o Regulamento da competición, para que poida ser aprobado, agás autorización expresa do Comité Técnico da FGA por motivos sobranceiramente xustificadas. Posteriormente a Federación Galega informará ó resto das súas Delegacións as cuestións técnicas da mesma (horarios, categorías, probas, mínimas, etc)., e traves da web: [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)



## NORMAS KERAIS



3. Non serán incluídos no Ranking Galego os rexistros conquistados en contróis programados polas Delegacións que non teñan sido comunicados a F.G.A. cunha antelación mínima de 10 días, así coma o programa de probas e horario a desenvolver, con fin de que se poidan beneficiar desas probas os atletas doutras Delegacións, agás autorización expresa indicada no apartado 4.2.
4. Que o Xurado esté composto por membros do Comité Nacional ou Galego de Xuices.
5. Que coma mínimo estén programadas e se compita en tres probas, con tres atletas coma mínimo en cada unha delas, agás os relevos que poderán participar dous equipos; competicións de veteranos (2 ó 1 atleta unicamente) e o Campionato de clubs de segunda división (2 ou 1 atleta).
6. Que as idades e probas a disputar se axusten ó estipulado en cada categoría.

### 7. RESPONSABILIDADES DOS ORGANIZADORES

Aquelas Delegacións, Clubs ou outras Entidades designadas pola Xunta Directiva para organizar conxuntamente ca F.G.A. unha competición ou campionato deberán ter en conta as seguintes consideracións e obrigas:

- A. A Federación Galega de Atletismo, como máximo órgano responsable da práctica atlética no eido xeográfico Galego, asume as máximas competencias organizativas en aqueles campionato s que abranguen a súa propia actividade, reservándose o dereito de intervir, se o estimase preciso, do xeito que considere máis axeitado.
- B. A organización conxunta ca F.G.A. de calquer campionato ou Competición, implicará para o organismo deseñado (Delegación, Club ou outras Entidades) as seguintes responsabilidades:
  1. Prever, reservar e obtelos permisos precisos para o emprego da pista ou circuito onde acontecerá a competición.
  2. Supervisar que a instalación ou circuito esté en condicións axeitadas para a práctica atlética. No caso contrario, solventalas deficiencias observadas. O V.B. dos mesmos deberá terse realizado, definitivamente, pola Comité Técnico da F.G.A.
  3. Dispor do material preciso, deportivo ou doutra índole, para desenvolver con normalidade a competición. Entre o mesmo, facilitar a cada participante **os dorsais** regulamentarios. Os atletas deberán portar os seus imperdibles se cumprise.
  4. Satisfacelas necesidades de persoal, material, instalación e gastos que lle indique o representante local do Comité Galego de Xuices.



## NORMAS XERAIS



5. Instalar unha megafonía que facilite a información o longo da competición.
6. Contar co persoal preciso para atender: mesas de confirmación, servizo de megafonía, servizo de campo e persoal de secretaria.
7. Unha vez rematada a competición os organizadores deberán facilitalo acta dos resultados técnicos, elaborada polo Comité de Xuices ou baixo a súa supervisión, onde virán especificados os seguintes datos:
  - Número de Licenza do atleta.
  - Nome e apelidos dos atletas.
  - Ano de nacemento.
  - Clube ó que pertence.
  - Posto e marca conseguida.
  - Nos tres primeiros, deberán figurar os rexistros dos 6 intentos (concursos).
  - Velocidade do vento nas carreiras que sexa obrigatorio.
  - En lonxitude e triple deberá figurar o vento en cada salto.
  - Nos relevos: inicial do nome, apelido, ano de nacemento, e licenza de cada atleta.
8. Unha copia dos resultados, provisionais e pendentos da súa aprobación, deberá entregarse, ó remata a competición a:
  - Federación Galega de Atletismo. (\*)
  - Xuiz Árbitro. (\*)
  - Delegacións da F.G.A. (\*)
  - Clubes participantes. (\*)
  - Prensa acreditada. (\*)

(\*) *Mediante envío por correo, ou correo electrónico, antes das seguintes 24 horas. días.*
9. Prever un Servizo Médico ó longo da competición, que poidera intervir, en primeira instancia, ante a posibilidade de que se produxese calquer lesión.
10. Que a instalación onde se desenvolva a competición ou circuito dispoña dun seguro de responsabilidade civil.
11. Xestiona-la compra e entrega de **medallas** ós tres primeiros atletas clasificados, en campionatos individuais, e/o trofeos ós tres primeiros equipos sempre que no campionato houberse clasificacións por Clubes.

## 6. NORMAS A SEGUIR ANTE UNA RECLAMACIÓN

1. As reclamacións relativas a resultado ou cuestións que xurdan durante o desenvolvemento dunha proba deben presentarse sen dilación, non máis tarde de trinta minutos despois de haberse anunciado oficialmente os resultados da devandita proba.



## NORMAS XERAIS



O Comité Organizador da competición será responsable de que se registre a hora do anuncio de todos e cada un dos resultados

Si a reclamación fose presentada con anterioridade a celebración da proba e non poidese ser demostrada dunha maneira clara a mesma, admitirase a participación do atleta "*baixo reserva*" e tramitarase a reclamación ó Comité de Competición da F.G.A. tendo 72 horas de prazo para presenta-la documentación oficial requerida.

2. Toda reclamación deberá formularse en primeira instancia verbalmente ao Xuíz Árbitro, por un atleta, por outra persoa que actúe no seu nome ou por un oficial representando a un equipo. Esta persoa debe actuar de boa fe na (s) proba (s) en cuestión.

Para chegar a unha xusta decisión, o Xuíz Árbitro considerará calquera evidencia dispoñible que crea necesaria, incluída unha película ou foto producida por unha gravadora de vídeo oficial ou calquera outra evidencia de vídeo dispoñible. O Xuíz Árbitro pode decidir sobre a reclamación ou sometera ao Xurado de Apelación, si estivese constituído.

Se o Xuíz Árbitro non está accesible ou dispoñible, a reclamación deberá ser feita por intermedio da Secretaría de Competición.

3. Unha reclamación ao Xurado de Apelación será feita dentro dos trinta minutos:
  - (a) que seguen ao anuncio oficial do resultado modificado dunha proba segundo decisión do Xuíz Árbitro
  - (b) que seguen á notificación ás persoas que protestan cando non implique modificación do resultado.

A reclamación será feita por escrito, debendo ser asinada por un Oficial responsable en nome do atleta ou do equipo e deberá estar acompañada dun depósito de 100 €.

Caso de que a reclamación fora desestimada os reclamantes perderán a cantidade depositada.

## 8. DO DEREITO A PODIUM NOS CAMPINATOS GALEGOS

Segundo aprobou a Asamblea Xeral o 10 de febreiro do 2007, admitiranse como medallistas nos Campionatos Galegos a todos aqueles atletas non galegos que cumpran as seguintes condicións:

- a. Ter ficha como mínimo nas últimas tres tempadas (incluída a actual)
- b. Estar censados nalgún concello galego
- c. Ter licenza pola FGA



## NORMAS XERAIS



### 8. ACTIVIDAD DAS DELEGACIONES

1. A actividade programada polas Delegacións da F.G.A. deberá ser comunicada á Federación Galega de Atletismo cun mínimo de 10 días (1), co gallo de informar a tódolos Clubs, adestradores e atletas a oferta de competicións en toda a Autonomía.

(1) *Incluíndo tamén o horario, probase normativa da cada xornada.*

2. O Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo reservarase o dereito de incluír calquera proba nos controis previstos polas Delegacións, cun mínimo de 7 días de antelación á data prevista.

### 9. PUBLICIDADE DOS SPONSORS OFICIAIS NOS CAMPIONATOS

Cada delegación con responsabilidade de organizar algún campionato oficial ou competicións relevantes, segundo criterio da FGA, deberá amosar os logos corporativos, texto ou calquer outro referente que se estime oportuno do patrocinador ou dos patrocinadores oficiais da FGA para a presente tempada.

Todo elo quedará impreso e reflexado na publicidade escrita dos debanditos eventos, independentemente de que poidan existir outros medios de difusión (TV, radio...) dos que se determinará unha regulación específica.

### 10. NORMATIVA DO VESTIARIO DA SELECCIÓN GALEGA

1. Para poder recibir material da FGA compre ser seleccionado pola FGA, para calquera evento ao longo da tempada 2009/2010 que figure no calendario oficial nacional.
2. O material ou indumentaria deportivo que entrega a FGA de atletismo é a distinción oficial da Selección de Galicia, seña polo tanto de identidade atlética desta federación a nivel autonómico
3. O material oficial estará composto da seguinte indumentaria: un chándal, unha camisola de competición, un pantalón (homes) e unha braga (mulleres) (\*)
4. A federación Gallega de atletismo comprométese a dotar a cada integrante da Selección Galega de Atletismo do material regulamentario especificado no artigo 3.
5. O custe\* de merca desglosado (incluídos serigrafiados e IVE) especificase da seguinte maneira:

Chándal	50,25 €
Camisetas	11,40 €
Pantalón	11,40 €
Braga	13,10 €

**Total equipación homes 73,05 €**

**Total equipación mulleres 74,74 €**

\* (prezos do ano 2007)



## NORMAS XERAIS



6. O periodo de vixencia do debandito material será de **catro anos**
7. Cada atleta comprométese a empregalo material só en aquelas competicións oficiais nas que compita ca Selección Galega ou en aqueles eventos que así o indique a propia FGA.
8. En cada acto protocolario de entrega de medallas ou trofeos, será obrigatorio acudir ca uniformidade oficial da selección galega non podendo substituírse dita uniformidade por outra distinta. Da mesma maneira, e se así se decidira polo delegado ou responsable oficial de la expedición, farase emprego da mesma naqueles actos oficiais, protocolarios, de publicidade, etc nos que participara a selección galega.
9. O material non se poderá manipular, mantendo ben visibles e sen alteralos distintivos do/s patrocinador/es oficial/is da FGA , non poidendo engadirse ningún outro logotipo ou sinal
10. Cada atleta velará polo bo emprego e estado do material que en ningún caso reemplazarase antes do tempo de vixencia agás casos moi excepcionais perfectamente xustificados .
11. Cada atleta deberá cubrir e entregar unha ficha de recepción de material cada vez que o reciba aceptando as cláusulas estipuladas para o emprego da indumentaria.
12. No caso de que un atleta non cumpliera o punto anterior poderá (si así o desexa) adquirir a indumentaria previo por importe do su valor especificado en el punto 2.
13. Recomendase a retirada do material días antes do evento que preise o seu uso para unha maior comodidade tanto por parte do atleta como dos delegados reponsables de o seu reparto.

(\*) Poderase ampliala vestimenta dependendo das xestións relacionadas para tal fin



## NORMAS XERAIS

---



### 10. NORMAS FINÁIS

A **FGA non facilitará imprendibles nos seus Campionatos**, aconsellando os atletas ou clubs que veñan en previsión dos mesmos

Tódolos Clubes e atletas participantes, polo feito de facelo, aceptan o regulamento de cada competición.

Todo o non previsto nestas Normas Xeráis e nos oportunos Regulamentos-Convocatorias axustarase ó establecido no Regulamento Internacional da IAAF